

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 26 DE
DECEMBRO DE 2013.**

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)

D^a Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)

D^a María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)

D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)

D^a María Jesús Penela Mato (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)

D. José Luis Espiño Espantoso (PP)

D^a Marta López Arines (PP)

D. Luis Juan Arceo López (PP)

D. Manuel Asorey Suárez (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

INTERVENTORA XERAL

Dona Isabel Pernas Sánchez

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as doce horas e oito minutos, réunense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

Procede o Sr. Alcalde a solicitar a ratificación do asunto na orde do día, circunstancia que procede cando o asunto non foi ditaminado pola comisión informativa e aínda que o acordo foi ditaminado é certo que o foi despois da convocatoria do pleno sendo ratificada cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (12) e o voto en contra do grupo mixto (1).

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de decembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

Intervén o Secretario, dando lectura en extracto das alegacións presentadas, procedendo acto seguido á proposta da alcaldía que é a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de exposición pública da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo presentáronse as seguintes reclamacións, alegacións:

- D. Luis Lage Liñares
- D. Rodrigo Vidal Cacheiro
- Dona Ana Rosa Cornado Molina, en representación do BNG de Silleda
- D. Lauro Gimeno Perez
- Grupo Municipal del Partido Popular de Silleda
- José María Ferrer Valiente

Emitido informe verbal polo secretario xeral do concello, por medio da presente veño en propoñer á comisión informativa de economía, facenda, réxime interior, urbanismo, medio ambiente e medio rural, ditamine en sentido favorable a proposta e eleve a pleno o seguinte:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por Don Rodrigo Vidal Cacheiro, e o grupo municipal do Partido Popular, no primeiro caso por considerar que o epígrafe correspondente ás casas de turismo rural deben ter un tratamento nesta ordenanza idéntico ao das vivendas unifamiliares, quedando redactado o epígrafe 1, do artigo 5, Cota Tributaria, Vivendas e Casas de Turismo Rural, e no segundo caso ao entender que parece xusta a reclamación de bonificar co 100 por 100 da cota os beneficiarios do RISGA e a aquelas unidades familiares que perciban idéntica ou inferior cantidade.

Segundo.- Desestimar as seguintes alegacións:

A D. Luis Lage Liñares, primeiro porque segundo acordo plenario a recadación da recollida do lixo debe incrementarse en 241.000,00 euros anuais segundo o plan de axuste aprobado polo Concello, e segundo porque segundo prevé o artigo 24.2 do

RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a taxa debe financiar o custe do servizo.

Parcialmente a Dona Ana Rosa Cornado Molina, en representación do BNG de Silleda, xa que segundo acordo plenario a recadación da recollida do lixo debe incrementarse en 241.000,00 euros anuais segundo o plan de axuste aprobado polo Concello polo que non se pode aplicar a progresividade, si se estima a bonificación dos beneficiarios do RISGA no 100 por 100 e aqueles que non cheguen a dita cantidade, non se bonifican ás vivendas do medio rural, e periurbanas, nin a taxa por establecementos comerciais do medio rural xa que non se recolleu no estudo de custos da taxa, ao igual que o criterio de superficie, non se bonifican as vivendas rurais non habitadas nin ruinosas ao tratarse dun servizo de recepción obligatoria.

A Lauro Gimeno Perez, porque o criterio utilizado é o de cubrir o déficit do servizo tal e como se aprobou en acordo plenario o plan de axuste.

A José María Ferrer Valiente, porque a suba de SOGAMA non se repercute, porque o incremento ven aprobado polo plan de axuste e porque o servizo debe autofinanciarse segundo prevé o artigo 24.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, segunda a redacción dada na aprobación inicial cos cambios introducidos nos artigos 4, 5 e 6.2 correspondentes ás alegacións estimadas.

Cuarto.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no BOP de Pontevedra, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a súa publicación. Contra a aprobación da Ordenanza unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ábrese unha primeira quenda de intervencións

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen pregunta sobre a tributación das vivendas non habitadas e en deficiente estado de conservación, resposta a Sra. Interventora dicindo que a Ordenanza Fiscal sinala que dita continxencia ven establecida na Ordenanza concretamente dí que a solicitude do interesado, e sempre que conste informe emitido por técnico municipal competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberá renovarse e acreditarse a baixa no padrón.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que nestes supostos envíase á policía local para que emitan informe ao respecto. Asimesmo dí se se poden bonificar a domiciliación dos recibos cun 5% tal e como se sinala no informe de secretaría intervención ao que se lle resposta que sí.

Dáselle a palabra ao Sr. Rodríguez da Torre quen dí que se manifestará no pleno xa que vai ser de contado.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuiña Fernández, García Troitiño, Peón Iglesias (3) o voto en contra do Sr. Rodríguez da Torre, e 3 abstencións Srs Espiño Espantoso, López Arines e Asorey Suárez, en consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da alcaldía sobre a resolución de reclamacións e aprobación definitiva, se procede da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí en primeiro lugar que como dixeron no anterior pleno, teñen que recoñecer que por culpa dos gobernos nonn se subiu a taxa e que entenden o cabreo da xente, que agora non queda máis remido que aprobala e que lle vota a culpa a este goberno tanto PSOE como BNG. Que o BNG sabe perfectamente que segundo as leis e o plan de axuste as taxas teñen que subir. Con respecto á bonificación do RISGA o BNG só propón o 90% cando eles propoñer o 100%, que non se pode aceptar que a recollida no rural sexa máis custosa que no urbano, comparte a diferenciación por metros co BNG pero que como se dixo que se ía a adherir ao convenio coa deputación xa se fará. Remata dicindo que sair do ORAL sería prexudicial para o concello e que con respecto ás alegacións presentadas polo particulares dí que algunhas non están fundamentadas xa que poñen exemplos de taxas neutros concellos que son máis caras que as que se traen.

Pregunta se sería posible a bonificación do 5% que leu no informe de secretaría intervención. Contéstaselle que é a única bonificación que ven establecida por lei, que sería posible pero que habería que facer un novo informe técnico-económico.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que a intervención do Concelleiro do PP parecía unha intervención do PSOE, que xa avisaron de que ían a presentar reclamacións. Que se dí na ordenanza que este é un servizo de recepción obligatoria, pero que a recollida de lixo ou o subsministro de auga deben ser servizos públicos e non deixar beneficios e que non se pode saber canto é a taxa porque se descoñece canto custa o servizo xa que iste estudo nunca se fixo. Prosegue dicindo que as ordenanzas non son fixas e que é certo que non se actualizaron as tarifas pero que o que non se pode facer é poñer unha taxa ao chou, que hai que mirar pola cidadanía fixando un prezo acorde coa calidade do servizo, que non se prantexoumunicipalizar o servizo ou estudar outras alternativas como mancomunar servizos, fórmulas que serían máis baratas, que non se buscou o diálogo con esta ordenanza, que a referencia feita polo PP sobre as reclamacións presentadas polo BNG se excusa en que corremos o risco de ser inservidos, circunstancia que non se vai producir, que o PP non cré na municipalización de servizos xa que o único que queren é privatizar. En relación coas reclamacións presentadas dí que as respostas que figuran na proposta son paupérrimas, que están dacordo coa bonificación do PP do 100% en relación cos que percibe a RISGA pero que a proposta do BNG non é únicamente a da bonificación do 90% senón que plantexan a exención, ademáis amplíana a outros colectivos como pensións non contributivas co que van moito máis lonxe. En relación coa reclamación presentada por Don Luis Lage non se lle resposta ás cuestións que comenta, que se dí na contestación que non se pode aplicar a progresividade polo plan de axuste cousa incerta, ignóranse criterios como o de superficie que están ausentes do estudo da taxa, co que entende que para que esta ordenanza se aplique ten que haber un estudo económico e reflejar a viabilidade ambiental.

Intervén o Sr. Alcalde: En relación coa intervención do voceiro do PP dí que reparten culpas por non actualizar a taxa. Que no tocante á bonificación do 5% pódese facer pero que o consultará co ORAL, en relación á intervención do BNG dí que o estudo de custes está feito, que o BNG estivo 2 anos no grupo de goberno e que sempre dixo que había que racionalizar o gasto e que sobra persoal e que cando estivo non había persoal e sabe que a opción de xestinar directamente non é posible. Con respecto ás alegacións si se contestaron, dí que en relación coas vivendas que están inservibles mándase á policía local e se non está habitale quedan exentos da taxa.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que non se pode subir a taxa progresivamente, que a taxa ten que sufragar o servizo e que hai que aprobala se non queren que o concello sexa intervido.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dí que eles sempre recoñeceron que a taxa era ínfima pero que non se sabe canto custa o servizo e que non se encargou un estudo sobre a municipalización do servizo, que o que pasa e que lle teñen un medo atroz a Montoso e que non vai haber ningunha intervención, que o máis xusto é a progresividade e que existe unha corresponsabilidade a día de hoxe e hai que ir a favor dos veciños e que se o Alcalde dí que no tocante aos m² se pode cambiar que se faga e se aprobe a ordenanza noutro pleno e non hoxe.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que sobre as exencións estudiouse o tema do RISGA e que lles parece xusto xa que dito déficit de recadación é asumible, con respecto á bonificación do 5% dí que lle parece ben pero que habería que facer un estudo previo e como repercutiría no déficit do servizo.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que o concello lle está a dar ao ORAL 100.000,00 euros anuais, que hai que pensar en facer unha oficina de recadación propia, que da máis traballo pero que saíra mellor economicamente e que o ORAL desconte o 5% nas domiciliación en todos os tributos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que negociarán co ORAL sobre o aspecto da domiciliación.

Sometido o asunto a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos do PSdeG-PSOE e PP (12) e o voto en contra do membro do grupo mixto o Pleno acorda:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por Don Rodrigo Vidal Cacheiro, e o grupo municipal do Partido Popular, no primeiro caso por considerar que o epígrafe correspondente ás casas de turismo rural deben ter un tratamento nesta ordenanza idéntico ao das vivendas unifamiliares, quedando redactado o epígrafe 1, do artigo 5, Cota Tributaria, Vivendas e Casas de Turismo Rural, e no segundo caso ao entender que parece xusta a reclamación de bonificar co 100 por 100 da cota os beneficiarios do RISGA e a aquelas unidades familiares que perciban idéntica ou inferior cantidade.

Segundo.- Desestimar as seguintes alegacións:

A D. Luís Lage Liñares, primeiro porque segundo acordo plenario a recadación da recollida do lixo debe incrementarse en 241.000,00 euros anuais segundo o plan de

axuste aprobado polo Concello, e segundo porque segundo prevé o artigo 24.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a taxa debe financiar o custe do servizo.

Parcialmente a Dona Ana Rosa Cornado Molina, en representación do BNG de Silleda, xa que segundo acordo plenario a recadación da recollida do lixo debe incrementarse en 241.000,00 euros anuais segundo o plan de axuste aprobado polo Concello polo que non se pode aplicar a progresividade, si se estima a bonificación dos beneficiarios do RISGA no 100 por 100 e aqueles que non cheguen a dita cantidade, non se bonifican ás vivendas do medio rural, e periurbanas, nin a taxa por establecementos comerciais do medio rural xa que non se recolleu no estudo de custos da taxa, ao igual que o criterio de superficie, non se bonifican as vivendas rurais non habitadas nin ruinosas ao tratarse dun servizo de recepción obligatoria.

A Lauro Gimeno Perez, porque o criterio utilizado é o de cubrir o déficit do servizo tal e como se aprobou en acordo plenario o plan de axuste.

A José María Ferrer Valiente, porque a suba de SOGAMA non se repercute, porque o incremento ven aprobado polo plan de axuste e porque o servizo debe autofinanciarse segundo prevé o artigo 24.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, segunda a redacción dada na aprobación inicial cos cambios introducidos nos artigos 4, 5 e 6.2 correspondentes ás alegacións estimadas.

Cuarto.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no BOP de Pontevedra, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a súa publicación. Contra a aprobación da Ordenanza unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Texto íntegro da Ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

ARTIGO 1. -FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art.106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Silleda establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, a que se refire o artigo 20.4s) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos. O servizo poderá prestarse por xestión directa ou indirecta.

2.-A estes efectos terán o carácter de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os definidos como tales na ordenanza de convivencia, residuos, limpeza viaria e ornato do concello de Silleda, dacordo co que determine en cada momento a lexislación específica.

ARTIGO 3.º.- OBRIGADO TRIBUTARIO

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que ocupen, utilicen ou dispoñan de vivendas e establecementos suxeitos á taxa, sexan a título de propietario, ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2-Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

4.-Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles beneficiarios do servizo.

ART. 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1 -Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos na normativa con rango de lei e as que se deriven da aplicación de Tratados Internacionais.

2 - As cotas tributarias aplicaráselles unha bonificación do 100 por cento, no caso de que os contribuíntes, sexan persoas físicas beneficiarios da Renda de Inserción social de Galicia así como aqueles outros, que sen ser beneficiarios de dita renda, acrediten que os ingresos familiares obtidos por calquera concepto son iguais ou inferiores á renda de integración social de Galicia que se fose o caso lle correspondería. Para a aplicación de esta bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, debendo aportar que a este respecto lle sexa requerida polos Servizos Sociais.

A solicitude de bonificación prevista neste parágrafo será informada polo Departamento de Servizos Sociais.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA

Para as vivendas utilizarase o sistema de cota fixa; Os establecementos tributarán en función da actividade desenvolvida, e a súa cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, e a tal efecto se aplicarán as seguintes tarifas en concepto de cota anual:

Epígrafe Concepto ano	Euros
1. Viviendas e Casas de Turismo Rural	72,00
2. Hoteis, Pensións, salas de festas e discotecas	345,60
3. Cafeterías,Restaurantes,bares, tabernas e similares	187,20
4. Supermercados,carnicerías e pescaderías e similares	230,40
5. Talleres,lavado e engrase e similares	230,40
6. Comercio en xeral e similares	115,20
7. Naves de tipo industrial	201,94

2. -Normas específicas.

a) No caso das vivendas, tributarán pola taxa aínda que non estean ocupadas. A solicitude do interesado, e sempre que conste informe emitido por técnico municipal competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberá renovarse e acreditarse a baixa no padrón.

b) Cando por un mesmo local se veñan desenvolvendo actividades que tributen en distintos conceptos, pagarase a tarifa correspondente á actividade cuxa tarifa sexa maior.

ARTIGO 6º.- DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO

1. Devengarase a Taxa e nacera a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de residuos. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada ano natural.

2. O período impositivo coincidirá co ano natural e a él refírense as cotas sinaladas nas tarifas do art. 5 desta ordenanza. Tales cotas non son reducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta na prestación do servizo non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de semestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade. Nos casos en que se conceda a bonificación establecida no artigo 4.2, en cuxo suposto a bonificación aplicarase a partir do semestre a aquel en que fose concedida.

ARTIGO 7º.- XESTIÓN E COBRANZA DE COTAS

1. O cobro das cotas efectuarase semestralmente, mediante recibo derivado do padrón, liquidación ou autoliquidación, nos casos que correspondan.

2. Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de un mes, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos. A alta no padrón poderá efectuarse de oficio pola Administración, atendendo ao carácter de recepción obrigatoria que corresponde ao servizo que grava a taxa..

3. A Administración poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo da cota correspondente e practicará, se fose procedente, a liquidación oportuna.

4. Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquier variación dos datos figurados no padrón do tributo, levaráanse a cabo as modificacións correspondientes. As alteracións ou variacións que supoñan cambio de tarifa, terán efectos no semestre natural no que se produzan.

ARTIGO 8º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas lles correspondan en cada caso, atenderase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, queda derogada a anterior ordenanza fiscal que regulaba a taxa por recollida de lixo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Silleda a 26 de decembro de 2013. O Alcalde: Manuel Cuiña Fernández

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as trece horas e vintecatros minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace
O ALCALDE



A circular stamp of the Concello de Silleda is visible behind the signature. The stamp contains the text 'CONCELLO DE SILLEDA' and 'SECRETARÍA'.

O SECRETARIO,



A circular stamp of the Concello de Silleda is visible behind the signature. The stamp contains the text 'CONCELLO DE SILLEDA' and 'SECRETARÍA'.